



# ELUA NOVA

## Asociacion Galega da Muller

A.G.M. de Ferrol decidimos levar a rua iste boletin, atendemos que non fique soio, co fin de nos comunicar convosco mulleres de Ferrol para que todas coñozamos o que nos acontece, as nosas necesidades e os nosos problemas.

Xa vai sendo hora de cas mulleres teñamos a nosa via de expresion dado que nos medios de comunicación oficiais e patriarcais somos nova de letra miuda e non moi abondosa.

Tencionamos poís con iste boletin facer chegar a nosa voz, informacions e opinions. Atendendo a vosa colaboracion pra que seña de todas.

Dirixete o Apdo. de Correos 344

FERROL

# un tema pra falar...

O ABORTO. A pesares do que semelle non e un tema novo, inaque escomenzou a estares nas lexislacios dos paises e nas revindicacions feministas a partires dos 60. Mais podese decir co feito da interrupcion voluntaria do embarazo e moito mais vello.

Xa aparez como tal en Grecia e Roma, as veces condeado e as veces admitido, tamen incruso denantes.

No seculo XVII hai condeas por praticas abortivas en Inglaterra, enton non tiñan ise nome.

Mais os metodos caseiros pra que "baixara a regla" despois dun mes ou dous de retraso eran correntes entre as mulleres do pobo.

Temos que supoñer que nisto coma na meirande parte das cousas o oscurantismo que supon na cultura occidental a Eda de Media sepultou no esquençamento as tenicas mais ou menos avanzadas.

Isto non e un feito casual nin aillado. O prohibires a investigacion sobor de cencias coma a menciña, a astronomia e incruso a fisica e a quimica tiveron moito que deberlle a expansion da cultura catolico-roman ou xudeo-cristian por o orbe occidental.

Nembargantes a infruencia distas tardou en asentar se e cabe supoñer que as mulleres do pobo, as que non eralles doado entrares nistos mecanismos da nova cultura e que sin dubida tiñan moi arraigado o seu marco na natureza seguirian co uso de herbas e prauticas mecanicas pra interrumpir os embarazos. De feito, nalguns intres deberon existir, inaque hoxe non se fale delas un xeito de lexislacios, cicals non escritas mais si coñecidas, cando incruso a igrexa oficial, por unhos beizos coma os de Santo Tomas de Aquino ocupase de estabrecer co novo ser tera "alma"; si e home despois dos coarenta dias da concepcion, e despois dos noventa si e muller(o sexa as mulleres tiñamos menos alma cos homes daquela)

Longo foi o camiño deica hoxe, mais non e latricar de valdeiro lembrar co tema non e nin tan novo, nin tan tabu coma moitos pretenden.

Defeito tampouco esta demais lembrarlles os bempensantes, hoxe tan abraidos polo tremoso tento de despenalizacion cativa do Aborto nos casos de perigo para a muller; malformacions do feto, violacion... duas cousiñas que esquenzen arreo. Unha. Ca sexualidade das mulleres non ten coma fin a procreacion sinon a relacion ou ben o pracer, si amais diso algunas mulleres eleximos ter fillos e unha decision nosa, xa que por o de agora somos nos quenes temos que soportar os nove meses de embarazo e mais o parto, e de ningun xeito pode seres ista unha decision social, nin doutras mulleres, e moito menos dos homes, craro.

Outra. Co Aborto hoxendia soio esta penalizado, en Europa, no Estado Espanhol, Irlanda e Portugal, isto tampouco e unha casualidade, xa falamos denantes do oscurantismo medieval, nalguns estados ainda ficou mais tempo.

Unha cousa e o pan e outra as papas, inaque nas duas haxa fariña. Legalizala interrupcion do embarazo non e obrigar a ninguen a abortar, sinon reconocer a realidade de milleiros de mulleres que vense na obriga de facelo en condicions de perigo para a sua vida, ou ter que sair o extranjeiro xa que non somos merecentes cas leises do estado nos teñan en conta.

# así sumos noticia

## ● ABORTO NO CONSELLO DE MINISTROS

Despenalizacion do Aborto nos casos seguintes (C.P.Art.417bis)  
1º leiro. Perigo para a vida o a saude da muller.  
Podese praticar sin linde de tempo  
2º For violacion denunciada  
Praticase dentro das 12 primeiras semans  
3º leiro. Probabilidade de taras graves fisicas o  
Psiquicas no feto.  
Praticabel dentro das 22 primeiras semans

## ● AS MULLERES SEGUIMOS FORA

Pidindo a legalizacion e a interrupcion voluntaria do  
embarazo sin restrincions, manifestaronse o dia dous de  
Febreiro duas mil mulleres en Barcelona e seiscentas en  
Madri. Berraronse consignas coma estas: "Nos parimos,  
nos decidimos" "Aborto libre e gratuito"...

## ● NIN AS LEIS NIN A IGREXIA OS CONDEAN...

O venres 28 de xaneiro unha rapaza de 16 anos facia  
Auto-stop sobor das 20,30 horas a saida dunha discoteca  
en Lasarte cando foi recollida por tres homes que no lu-  
gar de levar para sua casa en Hernani desviaronse a unhas  
obras onde a violaron. Foi atoupada por os seus pais o sa-  
bado as 11 horas da maña semiincosciente no lugar dos  
feitos...

# Varios.

## UNHA PELICULA PARA OLLAR

### "As Irmans Alemanas"

Guion e direcion.	Margarethe von Trotta
Fotografia	• Franz Rath
Musica	• Nicolas Economou
Interpretes	• Jutta Lampe • Barbara Sukowa • Rudiger Vogler

(1.981)

Segundo Margarethe von Trotta a pelicula e unha sintesis das  
duas dirixidas denantes por ela "O segundo despertar de Christa  
Kagles" e "Irmans"

Argumento: Basada en feitos reais; os da morte en estranas cir-  
cunstancias de Gudrun Ensslin, componente de la Baader-Meinhoff.  
Dende a perspectiva da sua irma Christiane ( Marianne e Julianne  
no filme) fai unha lembranza da sua nenez e mocedade moi marca-  
das ambaladas por a segunda guerra e por un pai intransixente  
e eclesiastico que vailles dar as suas relacions unha evolucion  
na contradicion entre as discrepancias ideoloxicas e a afectivi-  
dade.

En xeral as criticas presentan a pelicula coma moi interesante e  
de contido feminista.

